

Anuncio.

Entidade: Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte

Obxecto: *Concurso, con procedemento negociado, para a contratación dunha asistencia técnica para a Elaboración do Plan Estratéxico Zonal do Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte, dentro das actividades promovidas polo eixe 4 do Fondo Europea da Pesca (FEP) .*

Lugar de execución: concellos de: A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas e Muxía.

Prazo de execución: comprendido dende a data de adxudicación ata o 15 de outubro de 2008.

Orzamento: o orzamento máximo do contrato será de 28.000 euros (IVE engadido).

Información: Datos de Contacto

Proposicións: data límite ata as 14 horas do 12 de setembro.

Buño, a 8 de setembro de 2008.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA DA COSTA DA MORTE

ANEXO I: PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO ZONAL DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA DA COSTA DA MORTE, DENTRO DAS ACTIVIDADES PROMOVIDAS POLO EIXE 4 DO FONDO EUROPEO DA PESCA (FEP) .

I. OBXECTO.

O obxecto do presente prego é establecer as condicións que rexerán na prestación da asistencia técnica ao GAC da Costa da Morte para a elaboración do Plan Estratégico Zonal, dentro da iniciativa do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca.

II. MARCO NO QUE DEBE INTEGRARSE O CONTRATO.

O marco onde se sustenta este contrato, é dentro das accións que propón o eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca (FEP).

Un dos obxectivos prioritarios do Eixe 4 é mellorar o traballo no sector pesqueiro, incentivando a diversificación económica, reorientando os investimentos cara ao sector turístico - pesqueiro, cultural, ambiental, etc.

O obxectivo será manter a poboación nestas rexións (fomentando a substitución xeracional) e lograr con iso a sustentabilidade económica a longo prazo. A diversificación económica permitirá mellorar as taxas de crecemento económico e emprego destas zonas e aumentará a capacidade de elección dos traballadores á hora de buscar novas fontes de ingresos.

Esta estratexia baséase no fomento de actividades económicas alternativas, como as actividades turístico - pesqueiras (nas que hai que actuar para facilitar a súa posta en marcha e funcionamento por parte das organizacións pesqueiras) e a potenciación das políticas coordinadas sobre turismo e medio natural, así como outras actividades que permitan a diversificación do sector.

Para alcanzar niveis adecuados de desenvolvemento social tamén é necesaria a mellora dos sistemas que promovan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a promoción da pluriactividade dos pescadores, mediante a creación de empregos adicionais fóra do sector pesqueiro a tempo completo ou a tempo parcial e o desenvolvemento de infraestruturas e servizos para un turismo sostible. Levaranse a cabo actuacións para cumprir outros obxectivos como a interrelación da pesca profesional, a deportiva e a recreativa ou o desenvolvemento de infraestruturas para un turismo sostible relacionado co sector. Como obxectivo singular proponse así mesmo desenvolver diversas colaboracións científicas e a creación de liñas específicas de I+D+i orientadas á diversificación das actividades económicas que partan das propias zonas en declive.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA DA COSTA DA MORTE

O contrato ten por obxecto a prestación da asistencia técnica necesaria para a elaboración do Plan Estratéxico Zonal descrito na *Orde do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de selección de grupos de acción costeira (DOG nº 144, 28/07/2008)* para o Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte (zona 3) no marco do eixe 4 do FEP que se concretan nas seguintes tarefas:

1. Diagnóstico do territorio mediante unha análise da situación socioeconómica dunha zona pesqueira determinada que nos permita saber cales son as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO), sempre coa mirada posta nos obxectivos establecidos no Eixe 4 do FEP.
2. Proposta estratéxica de actuación, onde se concretará a estratexia que ten que seguir o GAC (de acordo cos obxectivos do FEP), as actuacións previstas e os criterios de valoración dos proxectos, sexan produtivos ou non produtivos.
3. Proposta de execución do plan, onde haberá que establecer o plan financeiro, o cronograma de execución do PEZ, os gastos de xestión do GAC e os sistemas de control e execución do PEZ.
4. Elementos transversais que informan de todas as políticas europeas, como son o principio de igualdade de oportunidades, innovación, información e publicidade e a sustentabilidade das actuacións recollidas no PEZ.

IV. ALCANCE E CONTIDO DOS TRABALLOS.

O contido do Plan Estratéxico Zonal, debe rexerse segundo os seguintes apartados, de acordo á orde do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de selección de grupos de acción costeira da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicada o no **DOG 144 do 28 de xullo de 2008**:

1. Diagnóstico.
 - a. Estudo socioeconómico do ámbito territorial de actuación.
 - I. Poboación.
 - II. Mercado de traballo.
 - III. Actividade económica.
 - IV. Infraestruturas.
 - V. Situación ambiental da zona costeira.
 - b. Análise DAFO do territorio.
2. **Proposta estratéxica de actuación.**
 - a. Estratexia para seguir polo GAC con arranxo ás prioridades establecidas no FEP.
 - b. Actuacións previstas de acordo cos eixes prioritarios establecidos no PEZ.
 - c. Criterios de valoración de proxectos.

3. Proposta de execución do plan

- d. Plan financeiro.
- e. Cronograma de execución do Plan.
- f. Gastos de xestión.
- g. Sistemas de control e seguimento do Plan.
- h. Elementos transversais do PEZ: Igualdade de oportunidades, innovación, publicidade, sostenibilidade.

4. Subsanación de documentación e consultas realizadas pola comisión de selección.

V. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

O importe do orzamento máximo autorizado para a contratación é de 28.000 mil euros (ive engadido).

VI. EQUIPO E MEDIOS DE TRABALLO

a) Medios materiais:

O adxudicatario proporcionará todos aqueles medios materiais e técnicos que garantan a correcta execución dos traballos encomendados.

b) Medios humanos:

O adxudicatario comprométese a achegar o persoal coa cualificación profesional adecuada ó traballo a desenvolver. O equipo de traballo actuará baixo a dependencia do Director/a de proxecto que será responsable da execución e que non poderá ser substituído durante a elaboración do proxecto.

VII. DIRECCIÓN E COORDINACIÓN

A dirección e coordinación das actuacións obxecto deste prego, correrá a cargo do Grupo de Acción Costeira a través dos seus representantes. A empresa adxudicataria comprométese a levar a cabo os traballos segundo as directrices e instrucións que se emitan polo GAC. Para os efectos de acadar unha óptima coordinación celebraranse reunións periódicas entre o persoal técnico designado e o GAC.

VIII. OBRIGAS DO CONTRATISTA:

- As actuacións a desenvolver levaranse a cabo atendendo ó cumprimento da normativa autonómica, nacional e comunitaria de aplicación.
- O equipo técnico do adxudicatario estará en contacto permanente co GAC para informar periodicamente sobre a evolución das actuacións encomendadas.
- Os documentos, feitos, datos e actuacións coñecidos ou realizados na execución dos traballos encomendados teñen carácter confidencial. O adxudicatario non poderá

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA DA COSTA DA MORTE

utilizar por si, nin proporcionar a terceiros dato algún relativo ás actuacións desenvolvidas no marco do presente contrato. (LOPD 15/1999 e RD 1720/2007)

IX. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución da asistencia técnica será ata o 15 de Outubro, data establecida para a presentación do PEZ e demais requerimentos do GAC, segundo a orde do 17 de xullo de 2008 da Consellería de Pesca e Asuntos marítimos, salvo no estipulado no punto IV.4 anterior.

X. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O prazo de presentación de proposicións é de 5 días naturais dende a emisión do correspondente documento de invitación, ou en todo caso, antes das 14:00 horas do día 12 de setembro de 2008.

Buño, a 8 de setembro de 2008

ANEXO II: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. xxxx, con DNI nº xxxx, en representación da empresa que de seguido se relaciona xxxxx., con CIF xxxxx, con domicilio social en xxxxxxxxx, teléfono xxxxx, fax xxxxx correo electrónico xxxxx

DECLARA

1º. Que coñece o prego de cláusulas técnicas que lle serven de base á convocatoria do dito contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º. Que comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

3º. Que tanto a empresa á que representa como os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

4º. Que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, coa facenda autonómica galega e coa Seguridade Social.

OFERTA PRESENTADA

Proposta económica: _____

IVE: _____

Presuposto total (Ive engadido): _____

En XXXX, a XXX de XXX de 2008.

Asdo: XXXXXX